



Boas tardes a todos e todas, membros do Claustro, ANPA, familiares e a vós, alumnado, nesta tarde tan emotiva e familiar.

Emotiva por todos os sentimentos que se mesturan, o recordo das experiencias vividas, a separación dos compañeiros e compañeiras e porque os cambios, aínda que sexan bos, sempre nos producen certa inxuedanza e desacougo, pero ábrennos a porta a novas posibilidades e oportunidades.

É tamén unha tarde familiar porque estamos reunidos en familia, e non o digo só porque hoxe están aquí arroupándovos os vosos familiares e amizades..., senón porque despois de todos estes anos no centro, formamos un vínculo especial, familiar, que nos leva a preocuparnos por vós máis alá das nosas funcións.

Ao longo destes anos traballamos con vós e para vós, pois contamos no centro cun equipo humano adicado e envorcado en vós:

- Por un lado, o equipo docente actual e os anteriores, quen de vencer calquera dificultade, case sempre, tamén preocupados de que todo saia ben e botando unha man ata o último día.
- A ANPA do centro, que tamén colabora neste acto de graduación.
- O persoal administrativo que vos perdoa tantas faltas de puntualidade, incluído o noso conserxe Víctor.
- A orientadora do centro, sempre disposta a escoitarvos e preocupada de guiarnos o mellor posible.
- E permitídemme que destaque á xefa de estudos, Luísa Aldao, que asumiu este papel coa mellor das disposicións e mantense sempre preocupada por vós e disposta a botar unha man.

Todos traballamos conxuntamente e arreo na vosa formación académica, e tamén na vosa formación como persoas. Por iso en innumerables charlas, coloquios, concursos, obradoiros e demais modalidades formativas falamos convosco sobre relacións afectivas, a violencia de xénero, o colectivo LGTBI, a violencia no deporte, a seguridade na rede... Pero tamén vós puxestes da vosa parte e froito desa motivación están os vosos resultados e premios.

Superastes moitos retos: unha infindade de materias por curso; algunha ca outra proba de repesca; os traballos deixados para última hora; os rúidos das obras e incluso unha pandemia. E aquí estades, a punto de rematar os vosos estudos obrigatorios e de iniciar unha nova etapa. Aínda que se fixo moito, queda moito por facer, pero xa non estará nas nosas mans, senón nas vosas.

Nesta nova etapa xa non estaremos nós no día a día, aínda que sabedes que sempre teredes as portas abertas e que poderedes volver por aquí cando queirades. A nós encantaranos saber dos vosos éxitos e tamén dos intentos frustrados. Pero aínda que nós xa non esteamos, a vosa familia seguirá aí, celebrando cada triunfo e reconfortándovos en cada caída, como ten estado todos estes anos ao voso carón.

E por todo isto debedes loitar por ter o futuro que queredes e merecedes, o valor para ir de fronte e dando a cara por ese futuro. Está nas vosas mans, non permitades que nada vos deteña nese camiño.

Dicía o enxeñeiro Nikola Tesla: “Deixemos que o futuro diga a verdade e xulguemos a cada un segundo os seus logros e os seus obxectivos. O presente é de cada un de vós, pero o futuro polo que tanto traballamos, pertécenos.”

O futuro é voso! A por el!

Isabel Martínez Cabaleiro
DIRECTORA DO CENTRO